

Pontevedra garda nas súas rúas, prazas e edificios un legado histórico e artístico como poucas cidades no mundo poden presumir. Porén, non toda esta herdanza monumental de séculos pode ser visitada durante o ano.

A Semana do Patrimonio Invisible é un **ciclo programado polo Servizo de Urbanismo e Patrimonio do Concello de Pontevedra** que abre as portas de tesouros, habitualmente fechados, e diseña unhas visitas guiadas de pequenos grupos para que os seus usuarios garden na memoria unha experiencia cultural única.

Queremos garantir o acceso á actividade ao maior número de persoas, polo que **cada solicitante poderá reservar un máximo de tres visitas para dúas persoas.**

Reserva a túa praza!

As visitas guiadas que realizamos na **Semana do Patrimonio Invisible** baséanse en dúas premisas: a calidade do discurso narrativo e a protección dos bens culturais que visitamos. Por este motivo as prazas para cada quenda de visitas son limitadas, e o proceso de reserva precisa da confirmación mediante correo electrónico por parte da organización a cada visitante.


Para facer as reservas é preciso entrar na páxina web oficial **www.patrimonioinvisible.gal** e completar o formulario de reservas.

Máis información:
reservas@patrimonioinvisible.gal



**SEMANA DO
PATRIMONIO
INVISIBLE**

16-17-18 / xullo / 2020



16

xoves

- 12 h Colexio Sagrado Corazón de Placeres
- 13 h Villa Pilar
- ...
- 18 h Colexio Sagrado Corazón de Placeres
- 19 h Cemiterio de Santo Amaro
- 20 h Pazo de Mugartegui

17

venres

- 9.30 h Convento de Santa Clara
- 10.45 h Convento de Santa Clara
- 12 h Convento de Santa Clara
- 13.15 h Convento de Santa Clara
- 14.30 h Convento de Santa Clara
- ...
- 18 h Colexio Sagrado Corazón de Placeres
- 19 h Cemiterio de Santo Amaro
- 20 h Villa Pilar

18

sábado

- 12 h Cemiterio de Santo Amaro
- 13 h Pazo de Mugartegui
- ...
- 18 h Villa Pilar
- 19 h Cemiterio de Santo Amaro
- 20 h Pazo de Mugartegui

Convento de Santa Clara

As ordes mendicantes, como as clarisas, adoitan situar os seus cenobios fóra das murallas. A este convento, pechado desde 2017, mandaban moitas familias fidalgas ás súas fillas solteiras. O seu interior garda inmensos tesouros como a igrexa de estilo gótico oxival, unha singular ábsida poligonal e un espectacular retablo churrigueresco.

Cemiterio de Santo Amaro

A cidade dos mortos de Santo Amaro reflicte a través dos seus monumentos funerarios un anaco da historia da cidade dos vivos de Pontevedra. Mensaxes agochadas, simboloxías sorprendentes e historias descoñecidas que artellan un relato alternativo da cidade nos últimos 138 anos.

Pazo de Mugartegui

O pazo de Mugartegui é un dos mellores exemplos de arquitectura civil barroca de Pontevedra. A súa incomparable silueta foi retratada polos pinceis dos máis importantes artistas pontevedreses. Na visita viaxaremos polas diferentes estancias ás orixes e vicitudes deste singular edificio construído a finais do século XVIII como residencia para José Manuel Valladares y Figueroa.

Colexio Sagrado Corazón de Placeres

Edificio de historia apaixonante ligado a Montero Ríos. Construído polo político como pavillón de convidados, converteuse despois no Gran Hotel de Baños de mar dos Placeres e finalmente pasou a ser un centro educativo. A súa imponente arquitectura é unha lembranza de cando Lourizán era un dos centros políticos e turísticos de Galicia.

Villa Pilar

Extraordinario exemplo de arquitectura ecléctica construída polo indiano Manuel Martínez Bautista a comezos do século XX. Unha reixa de forxa, un recollido xardín con palmeiras, uns dos primeiros balcóns realizados en formigón, balastrada de estilo inglés e unha escalinata única en mármore de Carrara son algunhas das sorpresas deste palacete.